



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO: EXPOSICIÓN DAS LISTAS DO CENSO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS A CORTES XERAIS 2015.

De conformidade co establecido no artigo 39.2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, expóñense ao público as listas do Censo Electoral de Residentes (CER) e do Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERE) pechadas a 30 de xullo de 2015 para os efectos de que se poidan presentar as reclamacións que se estimen oportunas no prazo e condicións que se indican:

- Prazo de exposición ao público: **do 2 ao 9 de novembro de 2015**, ambos incluídos.
- Lugar de exposición e consulta: as listas do Censo poderán consultarse nas Oficinas Xerais Municipais situadas na **pranta baixa da Casa do Concello de Padrón**, na rúa Longa, número 27.
- Horario de consulta na oficina municipal: **de 9 a 14 horas** de luns a venres e **de 9 a 13 horas** os sábados.
- Teléfono de consulta da Oficina do Censo Electoral: **901 101 900**.
- Documentación a presentar: a consulta só poderá realizarse pola propia persoa interesada, quen deberá identificarse mediante a exhibición do **DNI, pasaporte** ou **permiso de conducir** no que apareza a fotografía do titular.

É especialmente recomendable que consulten o censo as persoas que recentemente cumpriron 18 anos ou que tramitaron algunha modificación no Padrón de Habitantes.

Padrón, 29 de outubro de 2015.



Asdo. Antonio Fernández Angueira.